

Son Xosé Lois López Otero, o teu representante actual na *Irmandade nacional de arquitectos* (actualmente denominada HNA) aínda que quizás non o sepas do mesmo xeito que probablemente non sabrás que este xoves 17 de novembro se celebran eleccións para renovar o representante da provincia de Lugo.

A pesares da oposición dalgúns, entre os que me atopo, a institución que se ocupa de garantir as nosas pensións entrou nunha deriva nos últimos anos que a está levando a ser cada vez menos irmandade e menos dos arquitectos convertíndose nunha mutualidade na que practicamente ten desaparecido calquer rasgo de representatividade democrática.

Nunca ata agora, e xa vai para máis de 25 anos que son o (único) representante na irmandade pola provincia de Lugo, teño pedido o voto ao entender que non podía ofrecer nada que non pudiera ofrecer outro compañeiro: Compromiso de asistencia á asemblea xeral anual e defensa da solidariedade entre os arquitectos e de que os fondos que garantizan as nosas pensións se xestionaran da mellor forma posible. Fun elixido inicialmente nun proceso electoral con dous candidatos e logo por inercia ao ser o único candidato.

En realidade xa vai sendo tempo de mudar o representante da provincia de Lugo e dende xa te invito, si tes interese polos temas sociais da profesión, a ir pensando en presentarte no próximo proceso electoral.

Porén esta vez dánse unhas circunstancias especiais que me levan a pedir o voto para un arquitecto.

Fai dous anos a nosa irmandade absorbeu á mutua dos apareladores que estaba nunha delicada situación económica, a pesar da oposición de parte dos representantes entre os que me atopo, convertindo aos apareladores en mutualistas de pleno dereito e polo tanto dándolle a posibilidade de ser elixidos como representantes na asemblea da irmandade.

Teño coñecemento de que no proceso electoral que se vai a celebrar o próximo xoves 17 se presenta unha candidata do colectivo de apareladores polo que resulta importante exercer o teu dereito a voto si queremos manter o control da nosa irmandade en mans do colectivo de arquitectos.

Eu non podo ofrecer nada máis que o mesmo compromiso que teño levado a cabo ata agora exercendo o meu voto na asemblea en defensa do carácter solidario e gremial da irmandade fronte ao enfoque empresarial e despersonalizado de HNA.

Estou a vosa disposición para calquer aclaración.

Xosé Lois López Otero, arquitecto
609833795
xoselois.arquitecto@gmail.com

Lugar e data das eleccións⁽¹⁾:

HOTEL FORUM CEAO

Localización: <https://goo.gl/maps/NyQ56KLinEjCQCdcA>

Xoves 17 de Novembro de 10,00 a 14,00 horas

(1). Únicamente se admite o voto presencial, non sendo posible o voto por correo ou telemático, por iniciativa do actual consello de administración de HNA responsable tamén da elección do lugar de votación.